



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Lingua galega e a súa didáctica	Código	652G02005	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Ferreira Boo, María del Carmen	Correo electrónico	m.fboo@udc.es	
Profesorado	Ferreira Boo, María del Carmen	Correo electrónico	m.fboo@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Lingua galega e a súa didáctica é unha materia que pretende capacitar o alumnado para desenvolver o ensino-aprendizaxe da lingua galega mediante dúas vías principais: a primeira, a través da formación arredor das estratexias didácticas e dos recursos pedagóxicos apropiados para o contexto lingüístico deste idioma; e a segunda, a través do reforzo e da mellora da competencia lingüística do alumnado para que poidan constituirse en verdadeiros modelos lingüísticos para o seu futuro desempeño profesional			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer o currículo de Lingua e Literatura Galega na E. Primaria.	A45		
Ser capaz de analizar criticamente as propostas curriculares procedentes da administración educativa.	A45	B3	
Coñecer o comportamento fónico, morfosintáctico, léxico e pragmático da lingua galega.	A46		
Utilizar en cada contexto comunicativo os trazos fónicos, morfosintácticos e léxicos adecuados da lingua galega.	A46		
Distinguir o dialectal do estándar e o correcto do incorrecto, e aplicar estas distincións á aprendizaxe da lingua galega na aula de E. Primaria.	A46		
Posuír un dominio alto da expresión oral, da lectura e da escritura en lingua galega.	A46		
Expor con corrección, falando e escribindo en lingua galega, ideas previamente elaboradas, e facelo de maneira coherente e organizada.	A46	B9	
Saber comunicarse no centro educativo de xeito apropiado e eficaz en lingua galega nas diferentes situacións docentes.	A43 A44 A45 A46 A47 A48 A49 A50 A51 A52 A53	B3 B7 B8 B9 B10 B13 B21 B22 B23 B24 B25	C8
Ser capaz de organizar e conducir o desenvolvemento das destrezas orais e escritas en lingua galega na E. Primaria.	A50		
Coller gusto e hábito pola lectura e pola escritura en lingua galega e fomentalos no alumnado.	A48		



Tomar conciencia do papel do profesorado como modelo lingüístico	A46 A48 A52		C1
Acadar un dominio axeitado da expresión oral e escrita en lingua galega	A46		C1 C2
Coñecer os principais recursos bibliográficos e dixitais para o ensino-aprendizaxe da lingua galega		B15	C3
Coñecer o marco xurídico polo que se rexe a utilización das linguas no sistema educativo galego	A45		
Aprender a desenvolver a programación didáctica na área lingüística	A45		
Coñecer as metodoloxías para o ensino da lingua en contextos multilingües	A50		
Coñecer as particularidades da situación sociolingüística galega e ser capaz de introducir a perspectiva da educación para o desenvolvemento en propostas de sensibilización e/ou dinamización lingüística	A14 A29 A34 A49 A50	B6	C4
Saber deseñar estratexias para a aprendizaxe da lingua galega do alumnado galegofalante e non galegofalante	A49 A50 A52		
Saber transmitir actitudes e valores positivos en relación coa lingua e cultura galega	A50		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A lingua galega e a súa didáctica na E. Primaria.	1.1. O marco legislativo da lingua galega. 1.2. O contexto sociolingüístico galego 1.3. O currículo de Lingua e Literatura Galega.
2. A competencia en lingua galega na E. Primaria.	2.1. A competencia comunicativa e as destrezas básicas en lingua galega. 2.1.1. A comprensión e a expresión oral 2.1.2. A comprensión escrita: o fomento da lectura crítica 2.1.3. A expresión escrita: a escritura 2.1.4. Dificultades da aprendizaxe do alumnado con lingua de instalación diferente das oficiais en Galicia 2.2. A competencia en lingua galega do alumnado e do profesorado e a súa avaliación
3. A didáctica da lingua galega: cuestións xerais e de método	3. 1. Lingua e usos 3.2. O modelo normativo, as variedades diatópicas e a lusofonía e o seu tratamento na E. Primaria 3. 3. Os materiais de apoio para o profesorado de E. P
4. A didáctica da lingua galega: a compoñente fonética e ortográfica	4.1. A aprendizaxe dos trazos fónicos da lingua galega na E. Primaria. 4.1.1. A expresión oral e a pronuncia 4.1.2. A expresión escrita e a ortografía 4.1.3. Recursos didácticos
5. A didáctica da lingua galega: a compoñente morfosintáctica	5.1. A aprendizaxe da morfosintaxe da lingua galega na E. Primaria 5.1.1. Obxectivos e problemas metodolóxicos 5.1.2 A competencia gramatical e as unidades morfosintácticas básicas da lingua galega 5.1.3. Estratexias pedagóxicas



6. A didáctica da lingua galega: a compoñente lexico-semántica e pragmática	6.1. A aprendizaxe do léxico e da pragmática da lingua galega na E. Primaria 6.1.1. Enfoques para a aprendizaxe do léxico 6.1.2. Enfoques para a aprendizaxe da pragmática 6.2. Ferramentas didácticas
7. Novas aproximacións na didáctica da lingua galega	7.1. A lingua galega e as TIC 7.2. A lingua galega e o audiovisual 7.3. A lingua galega e a aprendizaxe lúdica

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba de ensaio	A45 A46 A49 B3 B9 B15 C1	2	26	28
Lecturas	A45 A48 A50 A52 B15	2	33	35
Obradoiro	A14 A29 A34 A46 A50 A52 B6 B7 B9 B15 C4	16	19	35
Sesión maxistral	A43 A45 A48 A49 B3 B7 B9	16	0	16
Traballos tutelados	A44 A47 A48 A51 A52 A53 B3 B8 B9 B10 B13 B15 B21 B22 B23 B24 B25 C2 C3 C8	7	28	35
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba de ensaio	Con esta proba preténdese determinar tanto os coñecementos adquiridos polo alumnado durante o curso como a súa competencia en expresión escrita en lingua galega, a súa capacidade de relación e a súa madurez crítica.
Lecturas	O alumnado utilizará documentación bibliográfica proporcionada polo profesorado para ampliar os seus coñecementos sobre a materia e os contidos traballados. Así mesmo, tamén se fará un aproveitamento didáctico delas, nomeadamente daquelas de natureza literaria.
Obradoiro	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes en que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas etc.) a través das que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e a supervisión do profesorado e cunha dupla finalidade: por unha banda, verificar a asimilación das nocións teóricas e, por outra, a exploración da proxección que as ditas nocións poden ter no campo da práctica docente
Sesión maxistral	Exposicións orais complementadas con materiais de apoio e con introdución de preguntas teóricas e prácticas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de transmitirle coñecementos, facilitarlle a aprendizaxe e afacelo á aplicación práctica cotiá.
Traballos tutelados	Realización dun ou varios traballos, orais e/ou escritos, grupais e/ou individuais, relacionados con calquera aspecto dos tratados no programa docente. Estes serán fundamentais para que o alumnado supere con éxito a materia, na medida en que dan índice da súa madurez científica.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados Obradoiro	<p>Realización, revisión e comentario de prácticas encamiñadas á mellora da competencia expresiva en lingua galega dos alumnos e das alumnas que o poidan precisar.</p> <p>Consultas relacionadas con calquera das explicacións e das actividades realizadas tanto ao longo das horas presenciais ou das non presenciais como no traballo autónomo do alumnado.</p> <p>A docente estará dispoñible, tanto no horario de titorías previamente marcado como a través do correo electrónico, para calquera dúbida relacionada coa materia ou co desenvolvemento do curso.</p> <p>Estas medidas serán aplicábeis tanto ao alumnado que asiste regularmente ás aulas como a aquel con dispensa académica.</p>
----------------------------------	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A44 A47 A48 A51 A52 A53 B3 B8 B9 B10 B13 B15 B21 B22 B23 B24 B25 C2 C3 C8	Realización en pequeno grupo de traballos titorizados guiados e que constarán dunha parte escrita e dunha presentación oral	25
Proba de ensaio	A45 A46 A49 B3 B9 B15 C1	Avaliación dos coñecementos aprendidos e da capacidade de relación e madurez crítica respecto deles, así como da competencia en expresión escrita en lingua galega mediante preguntas equiparábeis ás realizadas nas sesións teóricas e interactivas	40
Obradoiro	A14 A29 A34 A46 A50 A52 B6 B7 B9 B15 C4	Avaliación da participación do alumnado en actividades de diversa índole: debates, comentarios de texto, simulacións, etc. Sexan cales foren as tarefas que se leven a cabo, todas servirán a un dobre propósito: por unha banda, comprobar a familiaridade do alumnado cos principios expostos nas sesións maxistras e recollidos na literatura recomendada; por outra banda, verificar ata que punto posúen a habilidade de convertelos en guieiros para a práctica docente.	30
Lecturas	A45 A48 A50 A52 B15	Valoración da comprensión da(s) obra(s) lida(s) e das capacidades de análise, razoamento, relación, organización e explotación das súas posibilidades didácticas, a través do debate en foros ou tarefa de Moodle.	5

Observacións avaliación



- Na cualificación final da materia do alumnado que asiste ás aulas tamén influirán variantes como a participación nas aulas, o interese mostrado polas actividades propostas, a valoración da resposta do alumnado e das achegas académicas e das actitudes profesionais demostradas no marco da docencia presencial.

-Os obradoiros inclúen ou poden incluír a asistencia a actividades que, aínda que se realicen fóra do horario específico da materia, poidan ser beneficiosas para o desenvolvemento dos contidos relativos a esta.

- Para aprobar a materia será necesario ter superadas todas as partes (proba de ensaio, obradoiro e traballo tutelado), en calquera das dúas oportunidades, obtendo no mínimo o 50% da puntuación en cada unha delas. Excepcionalmente, o alumnado terá a posibilidade de ser avaliado na súa totalidade con base no exame. - A avaliación do alumnado que non asiste regularmente ás aulas (ben por recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, ben por ausentarse en máis dun 20% no caso do alumnado que carece de exención) será feita con base na proba de ensaio escrita e un traballo titorizado, que computarán na avaliación nun 70% e un 30% respectivamente. Desde o inicio das aulas, este alumnado porase en contacto coa docente para establecer un plan de traballo e seguimento.- Na segunda oportunidade, o alumnado só repetirá a parte suspensa e manterá a nota daquelas que foron superadas, se ben que isto non será aplicábel dun curso para outro. - Para superar a materia o alumnado deberá ser capaz de expresarse con corrección e fluidez en todas as probas de avaliación e nas diferentes tarefas e traballos obrigatorios.- No caso de detectarse a realización fraudulenta de probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de "Suspenso" na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado como "Suspenso" (nota 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta da primeira oportunidade, se fose necesario.Recoméndase os envíos dos traballos telematicamente e de non ser posíbel, non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.

Débese facer un uso sustentábel dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.

Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

Fontes de información



Bibliografía básica

- Ares, M^a do C. e X. Arias (1986). O galego estándar sen merma da variante dialectal. Revista Galega de Educación, número 3, 29-31
- Callón, C. (2012). Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez. Vigo: Xerais
- Carpenle Algue, B. (coord.) (2004). Gramática insubordinada. Obradoiro de Lingua Gianni Rodari. Vigo: Xerais
- Cassany, D. et alii (1994). Enseñar lingua. Barcelona: Graó
- Castro Soliño, D. e Gullón González, R (1996). Didáctica da lingua nos medios de comunicación. A Lingua galega: Historia e actualidade. Actas do I Congreso Interacional. Volume II. 433-442
- Espiño, M. e H. Sánchez (1990). Aprender palabras e significados. A léxico-semántica.. A Coruña: Vía Láctea
- Feixó Cid, X. (2003). Dicionario galego dos nomes. Vigo: Xerais
- Fernández Rei, E. (1996). O ensino da fonética galega a castelanfalantes: problemas e métodos. A Lingua galega: Historia e actualidade. Actas do I Congreso Interacional. Volume II. 443-452
- Fernández Rei, F. (1987). Aplicación da Dialectoloxía na aprendizaxe do galego común. Grial 96, 131-150.
- Ferreiro, M. (1999). Gramática histórica galega. I. Fonética e Morfosintaxe. Santiago de Compostela: Laiovento
- Ferreiro, M. (2001). Gramática histórica galega. II. Lexicoloxía. Santiago de Compostela: Laiovento
- Freixeiro Mato, X. R. (2006). Gramática da lingua galega. I. Fonética e Fonoloxía. II Morfosintaxe. III Semántica. IV Gramática do texto. Vigo: A Nosa Terra
- Freixeiro Mato, X. R. (2006). Manual de gramática galega. Vigo: A Nosa Terra
- Freixeiro Mato, X. R. (2009). Lingua de Calidade. Vigo: Xerais
- Freixeiro Mato, X. R. (2013). Estilística da lingua galega. Vigo: Xerais
- García Negro, M. P (ed.) (2009). Sobre o racismo lingüístico. Ames: Laiovento
- García Piqueras, I. (1996). Adquisición y recepción de la lengua gallega: una perspectiva castellano-hablante. A Lingua galega: Historia e actualidade. Actas do I Congreso Interacional. Volume II. 467-474
- Hermida Gulías, C (2004). Gramática práctica (Morfosintaxe). Santiago de Compostela: Sotelo Blanco
- López Viñas, X., Lourenço Mória, C. e Moreda Leirado, M (2010). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baia Edicións
- Mariño Paz, R (1998). Historia da lingua galega. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco
- Medrano, C. (1994). 50 xogos de lingua. Técnicas de comunicación oral e escrita. Vigo: Xerais
- Medrano, C. (1998). Outros 50 xogos de lingua. Vigo: Xerais
- Mosquera Castro, E. (2013). Didáctica da lingua e novos soportes comunicativos: a linguaxe SMS. A Coruña: AS-PG
- Núñez Singala, M. (2009). En galego, por que non? Contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua galega. Vigo: Galaxia
- Peliquín Pérez, F. (1996). Estratexias didácticas para unha mellora das actitudes lingüísticas. A Lingua galega: Historia e actualidade. Actas do I Congreso Interacional. Volume II. 481-488
- Peliquín Perez, F., C. Pérez Recarey e Rodeiro Barros, M. (1996). O lecer e a lingua oral: unha proposta creativa para a Educación Secundaria Obrigatoria. A Lingua galega: Historia e actualidade. Actas do I Congreso Interacional. Volume II. 489-501
- Iglesias Álvarez, A (2007). Os preconceptos lingüísticos segundo a idade. Lingua e idade. III Xornadas sobre lingua e Usos. A coruña: Servizo de Publicacións da UDC. 165-182
- Doural Rocha, A. (1995). Didáctica da redacción, narración e descrición. Vigo: Xerais
- Real Academia Galega (2007). Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Volume 1: Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia. A Coruña: RAG
- Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega (2012). Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. A Coruña: RAG
- Regueira, X. L. (2013). Estándar oral e modelos de lingua. A letra miúda nº2 ? Revista de Sociolingüística da CGENDL.
- Regueira, X. L (coord.) (1999). Os sons da lingua. Vigo: Xerais
- Rodari, G (2013). Gramática da fantasía: introducción á arte de contar historias. Pontevedra: Kalandraka
- Sánchez Rei, X. M. (2011). Lingua galega e variación dialectal. Noia: Laiovento
- Sanmartín Rei, G. (2009). Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación. Vigo: Xerais



- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2006). Criterios para o uso da lingua. A Coruña: Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións
 - Sanmartín Rei, G. (coord.) (2007). Sobre a calidade da nosa lingua. A Coruña: Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións
 - Silva Valdivia, B. (1992). Sociolingüística e didáctica da lingua en Galicia. Aproximación ó pensamento dos futuros profesores de lingua. *Cadernos de Lingua* 6, 125-135.
 - Silva Valdivia, B. (2007). A lingua galega nas etapas de educación infantil e primaria. *lingua e idade*. III Xornadas sobre lingua e Usos. A coruña: Servizo de Publicacións da UDC. 41-52.
 - Silva Valdivia, B. (coord.) (1994). Didáctica da lingua en situacións de contacto lingüístico. Santiago de Compostela. ICE Universidade de Santiago de Compostela.
 - García Teijeiro, A. (2009). A poesía necesaria. Vigo: Galaxia
 - Callón, C. (2022). O libro negro da lingua galega. Vigo: Xerais
 - Martín Vegas, R. A. (2018). Desarrollo de la competencia lingüística y literaria en la educación primaria. Madrid: Síntesis
 - Mosquera Castro, E. (2015). A formación do profesorado de lingua galega: perspectivas pedagóxicas e modelo lingüístico. *Revista de Estudos e Investigación en Psicología y Educación, Extr.*, 6, A Coruña, 2015, pp. 12-16
 - Mosquera Castro, E. (2015). A lingüística de Internet: máis un desafío para a gramática galega e a súa didáctica. *Revista Galega de Filoloxía*, 16, A Coruña, Universidade da Coruña, 2015, pp. 123-145
 - Mosquera Castro, E. (2015). A didáctica da lingua e da literatura no marco das TIC: novos códigos e novas aproximacións. *Horizontes científicos y planificación académica en la didáctica de lenguas y literaturas*, Ribeiroiro
- Esta bibliografía poderá complementarse durante o transcurso da materia

